

ASISTENTES:

**Alcalde:**

D. José Luis García López

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Torreiro González

D<sup>a</sup>. Aurora Varela Duro

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar Castro Vallo

D. Miguel Sánchez Varela

D. Xosé Luis Fernández Segade

D. Antonio Orois Valiño

D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D<sup>a</sup>. Begoña Balado Conde

**Secretario:**

D. Juan Colmenares López-Soldado

**ACTA**

En Arzúa, a 31 de outubro de 2014.

Sendo as 20.10 horas, reúnen no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Non asistindo a esta sesión a concelleira dona Cristina Castro Pampín.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA:

***Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2014.***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

***Punto 2º) CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.-***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 28 de outubro de 2014; no seguinte sentido:

*“Antes de que a Presidenta comezara a súa explicación acerca das solicitudes de bonificación presentadas, toma a palabra a Secretaria da comisión para informar*

*aos concelleiros e concelleiras asistentes de que hai unha solicitude de bonificación presentada por un dos concelleiros asistentes, en concreto, por Xosé Luis Fernández Segade.*

*Neste caso, continúa informando a Secretaria sobre o disposto no artigo 96 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (“nos supostos en que, de conformidade co establecido artigo 76 da Lei 7/1985, algún membro da Corporación deba absterse de participar na deliberación e votación, deberá abandonar o Salón mentres se discuta e vote o asunto”); que se remite ao artigo 76 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (“os membros das Corporacións locais deberán absterse de participar na deliberación, votación, decisión e execución de todo asunto cando concorra algunha das causas a que se refire a lexislación de procedemento administrativo e contratos das Administracións Públicas”); e este artigo se remite, á súa vez, ao disposto no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común, onde se establece como primeiro motivo de abstención o de “ter interese persoal no asunto de que e trate”. Polo que procede que o concelleiro interesado abandone o salón, absténdose de participar na deliberación, votación, decisión e execución de todo o que se refira á solicitude de bonificación por el mesmo presentada.*

*Acto seguido, dáse lectura pola Presidenta da Comisión das solicitudes de bonificación presentadas :*

*1. A presentada o día 14 de febreiro de 2014, por D. Jesús Vicente Martínez Santos, con DNI nº 33286208-X, veciño de Arzúa, con domicilio no lugar de Remesil da parroquia de Dombodan, actuando en representación de “Gandería Remesil, S.C.”, á cal lle foi concedida licenza pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada 20 de xuño de 2014, para as obras de ampliación de explotación gandeira, mediante a construción de establo e cambio de emprazamento da fosa de xurro; aprobándose unha liquidación por importe de 2.185,38 euros polo concepto de dito imposto.*

*2. A presentada o día 20 de febreiro de 2014, por D<sup>a</sup>. Nieves Rey Santos, con DNI nº 33270433-J, veciña de Arzúa, con domicilio no lugar de Trasbar da parroquia de Dombodan, á cal lle foi concedida licenza pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada 20 de xuño de 2014, para as obras de ampliación de explotación gandeira, mediante a construción de establo e construción de fosa de xurro; aprobándose unha liquidación por importe de 1.502,44 euros polo concepto de dito imposto.*

*3. A presentada o día 20 de febreiro de 2014, por D. Luis Angel Regueiro Rial, con DNI nº 78780925-Z, veciño de Arzúa, con domicilio no lugar de Castromil da parroquia de Rendal, ao cal lle foi concedida licenza pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada 20 de xuño de 2014, para as obras de ampliación de explotación gandeira, mediante a construción de establo, sala de muxido e leitería; aprobándose unha liquidación por importe de 1.669,39 euros polo concepto de dito imposto.*

4. A presentada o día 29 de maio de 2014, por D. Carlos Vázquez Penas, con DNI nº 76519713-R , veciño de Arzúa, con domicilio no lugar de Trasiglesia da parroquia de Rendal, actuando en representación da “S.A.T O Ferreiro, N° 977 XUGA”, á cal lle foi concedida licenza pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada 20 de xuño de 2014, para as obras de ampliación de explotación de gando vacún, mediante a construción de nave destinada a albergue de maquinaria e almacén de forraxes; aprobándose unha liquidación por importe de 2.426,04 euros polo concepto de dito imposto.

5. A presentada o día 20 de xuño de 2014, por D. Jesús Villar Rodríguez, con DNI nº 33289244-X, veciño de Arzúa, con domicilio no lugar de Branzailla da parroquia de Branza, ao cal lle foi concedida licenza pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada 20 de xuño de 2014, para as obras de mellora de explotación de gando vacún, mediante a legalización de edificacións existentes e construción de fosa de xurro; aprobándose unha liquidación por importe de 1.923,28 euros polo concepto de dito imposto.

6. A presentada o día 25 de abril de 2014, por D. Xosé Luis Fernández Segade, con DNI nº 78794167-P, veciño de Arzúa, con domicilio no lugar de Souto da Cal, 14 da parroquia de Maroxo, ao cal lle foi concedida licenza pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada 20 de xuño de 2014, para as obras de ampliación de explotación gandeira, mediante a construción de establo; aprobándose unha liquidación por importe de 2.267,04 euros polo concepto de dito imposto.

A continuación, abandona o concelleiro Xosé Luis Fernández Segade o Salón de Plenos, por canto que a última solicitude de bonificación lida fora presentada por el, e en consecuencia tería interese persoal neste asunto.

Seguidamente intervén a Sra. Balado Conde (do PS de G), para mostrar o seu acordo coa concesión, en todos os casos, de ditas bonificacións.

Intervén tamén a Sra. Castro Pampín (do PP), no mesmo sentido, mostrando o seu acordo coa concesión das devanditas bonificacións.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos sete concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a concesión de todas as bonificacións na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras que foron solicitadas; agás a presentada polo concelleiro Xosé Luis Fernández Segade, cuxa concesión foi informada favorablemente por unanimidade dos outros seis concelleiros. Facendo constar que Xosé Luis Fernández Segade non participou na revisión da documentación, deliberación, votación nin decisión deste asunto, por concorrer nel a causa de abstención á que se refire o artigo 28 nº 2 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común.”

---

Constando –nos respectivos expedientes- os informes emitidos pola interventora municipal, con data 14 de outubro de 2014; de cuxos informes dedúcese:

**A)** Que o artigo 103 nº 2 letra a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que *“as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras de ata o 95% a favor daquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración”*.

**B)** Que dita ordenanza establece –no seu artigo 7 apartado I) “Bonificacións”, subapartado d)- unha bonificación do 50% na cota do referido imposto, cando se trate de construcións, instalacións e obras promovidas por agricultores ou gandeiros; suposto no que se encadrarían as actuacións a que se refieren os seis anteriores expedientes relacionados, para as cales se solicitou a concesión da bonificación.

Deseguido advertiuse ao Sr. Fernández Segade de que tiña que absterse de participar na deliberación e votación deste asunto, en canto á solicitude de bonificación por el presentada o día 25 de abril de 2014. O cal cumpriu.

Seguidamente emitíronse as seguintes opinións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que non ten nada que obxectar, porque estas bonificacións do imposto sobre construcións, instalacións e obras son necesarias.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar que o grupo político do Partido Popular pronunciase no mesmo sentido.

\* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar que o grupo político do Bloque Nacionalista Galego non ten nada que engadir.

E considerando, de conformidade co disposto no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras:

**a)** Que a declaración de especial interese ou utilidade municipal deberá ser solicitada polo suxeito pasivo, e

**b)** Que, unha vez informada esa solicitude, corresponderá ao Pleno do Concello decidir –por maioría simple- se concorren as circunstancias para efectuar a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

O Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria:

**I) En primeiro lugar, as cinco solicitudes de bonificación presentadas por D. Jesús Vicente Martínez Santos, D<sup>a</sup>. Nieves Rey Santos, D. Luis Angel Regueiro Rial, D. Carlos Vázquez Penas e D. Jesús Villar Rodríguez.- Adoptándose -por unanimidade dos doce membros da Corporación Local asistentes- os seguintes acordos:**

**Primeiro**.- Considerar de especial interese e utilidade municipal as construcións que quedaron detalladas nas cinco solicitudes indicadas na parte expositiva deste acordo, para as que se concedeu licenza municipal pola Xunta de Goberno Local nas datas antes indicadas, por concorrer circunstancias sociais e de fomento de emprego.

**Segundo.-** En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, que se aplicará sobre as liquidacións que foron practicadas e aprobadas cando se adoptaron os acordos de concesión das licenzas municipais para poder realizar as construcións indicadas.

**Terceiro.-** Notificar este acordo aos solicitantes das bonificacións, practicándolles unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller as bonificacións agora aprobadas.

**II) En segundo lugar, a solicitude de bonificación presentada por D. Xosé Luis Fernández Segade.-** Adoptándose tamén por unanimidade; neste caso, dos once membros da Corporación Local que podían pronunciarse en relación con esta solicitude, os mesmos tres acordos indicados cando se realizou a votación anterior, (posto que o Sr. Fernández Segade non participou nesta votación por razón da advertencia que se lle realizara).

***Punto 3º) MODIFICACIÓN DO ARTIGO 6º DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA, CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 28 de outubro de 2014; no seguinte sentido:

*“Toma a palabra a Presidenta da comisión manifestando que a modificación do artigo 6º desta ordenanza responde á actualización das tarifas, de acordo co IPC interanual de setembro de 2014, que se sitúa no -0,2%, e que a aplicación desta modificación comezará o 1 de xaneiro de 2015.*

*Continúa explicando a Presidenta que modificación proposta sería a seguinte:*

<b>TIPO SUBMINISTRO</b>	<b>€/m<sup>3</sup></b>
<b>DOMESTICOS</b>	
<b>Por mantemento do servizo</b>	
Mínimo 10 m <sup>3</sup> /mes	0,4603
De 11 a 15 m <sup>3</sup> /mes	0,6444
Más de 15 m <sup>3</sup> /mes	0,8922
<b>INDUSTRIAIS</b>	
<b>Por mantemento do servizo</b>	
Mínimo 50 m <sup>3</sup> /mes	0,5986
Más de 50 m <sup>3</sup> /mes	0,9437

<b>OBRAS</b>	
<b>Por mantemento do servizo</b>	
Mínimo 100 m <sup>3</sup> /mes	0,5986
Por m <sup>3</sup> que exceda do mínimo	1,0589

*Modificación do apartado II) do artigo 6º:*

*II.-) Outras cotas:*

*A) Cota de alta no servizo: 73,96 €*

*B) Cota única por dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento: 131,54 €*

*C) Cota mensual por verificación e conservación de contadores: 0,2265 €*

*D) Cota mensual por conservación de acometidas: 0,2265 €*

*Intervén a Sra. Balado Conde (do P.S de G) manifestando que está de acordo co expediente de modificación da ordenanza, xa que se trata dunha actualización do IPC interanual que hai que aplicar sen mais.*

*Intervén a Sra. Castro Pampín (do P.P) manifestando estar de acordo tamén coa devandita modificación.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse –por unanimidade dos sete concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a aprobación da modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga, conservación de contadores e acometidas.”*

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que, aínda que cada ano hai que modificar ese artigo da ordenanza para poder actualizar as tarifas de acordo co Índice de Prezos de Consumo, considera que -ao tratarse dun servizo básico- tiñan que baixar moito máis.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que o grupo do Partido Popular está de acordo coa modificación.

\* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar a conformidade do grupo político do Bloque Nacionalista Galego coa modificación de dita ordenanza.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga, conservación de contadores e acometidas.

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes, sendo trece os que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga, conservación de contadores e acometidas, co obxecto de actualizar as tarifas de acordo co Índice de Prezos de Consumo interanual de setembro de 2014, que se sitúa en -0,2%; cuxo artigo queda redactado en canto aos seu apartado I) “*Cota por subministración de auga*” punto 1 e en canto ao seu apartado II) “*outras cotas*”, da seguinte forma:

I) Cota por subministración de auga: *A cota tributaria en concepto de taxa por subministración de auga potable resulta de aplicar á base imponible o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:*

A. Usos domésticos:

1. Por mantemento do servizo	€/m <sup>3</sup>
1.1.- Mínimo de 10 m <sup>3</sup> mes-----	0,4603
1.2.- Desde 11 m <sup>3</sup> a 15 m <sup>3</sup> mes-----	0,6444
1.3.- Máis de 15 m <sup>3</sup> /mes-----	0,8922

B. Usos industriais

1.- Por mantemento do servizo	€/m <sup>3</sup>
1.1.- Mínimo de 50 m <sup>3</sup> mes-----	0,5986
1.2.- Por m <sup>3</sup> que exceda do mínimo-----	0,9437

C. Usos para obras.

1.- Por mantemento de servizo	€/m <sup>3</sup>
1.1.- Mínimo de 100 m <sup>3</sup> mes-----	0,5986
1.2.- Por m <sup>3</sup> que exceda do mínimo-----	1,0589

II) Outras cotas:

A) Cota de alta no servizo-----	73,96 euros.
B) Cota única por dereitos de acometida a rede xeral de abastecemento---	131,54 euros.
C) Cota mensual por verificación e conservación de contadores-----	0,2265 euros
D) Cota mensual por conservación de acometidas-----	0,2265 euros.

**Segundo.-** Expoñer ao público o expediente íntegro que dou lugar á adopción deste acordo, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles; dentro dos cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

**Terceiro.-** Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da modificación da referida Ordenanza, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

**Cuarto.-** No anterior suposto (de aprobación tácita), publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a referida ordenanza fiscal, así como este acordo de modificación da mesma.

**Punto 4º) ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS NA AULA DE EDUCACIÓN DE ADULTOS DO CONCELLO DE ARZÚA.**

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 28 de outubro de 2014; no seguinte sentido:

*“Informa a Presidenta que o motivo da elaboración desta ordenanza ten causa na perda dunha subvención de aproximadamente 12.000 euros, que orixina a necesidade de aprobar uns prezos públicos, de forma que se poda recadar e así axudar a sufragar os gastos que ten. As actividades educativas que se imparten na aula, así como a súa duración, horas de servizo e prezos públicos, serían os seguintes:*

***Preparación das probas para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria.***

<i>TÍTULO: Preparación das probas de graduado en educación secundaria para maiores de 18 anos (Proba convocada anualmente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)</i>			
<i>CURSO</i>	<i>DURACIÓN (*)</i>	<i>HORAS SERVIZO</i>	<i>TOTAL(€/ CURSO)</i>
<i>Completo</i>	<i>122 h</i>	<i>4 horas cada 8 días</i>	<i>80 €</i>
<i>2 Ambitos</i>	<i>61 h</i>	<i>4 horas cada 8 días</i>	<i>60 €</i>
<i>1 Ámbito</i>	<i>40 h</i>	<i>2 horas cada 8 días</i>	<i>30 €</i>

*\* A duración en horas é estimada en función dos datos do curso 2013/14.*

<i>TÍTULO: Preparación das probas para a obtención do título de graduado ESO ( por módulos)</i>			
<i>CURSO</i>	<i>DURACIÓN (*)</i>	<i>HORAS SERVIZO</i>	<i>TOTAL (€/CURSO)</i>
<i>Completo</i>	<i>50 h</i>	<i>4 horas cada 8 días</i>	<i>40 €</i>
<i>2 Ambitos</i>	<i>25 h</i>	<i>4 horas cada 8 días</i>	<i>30 €</i>
<i>1 Ámbito</i>	<i>12 h</i>	<i>2 horas cada 8 días</i>	<i>15 €</i>

*\* A duración en horas é estimada en función dos datos do curso 2013/14.*

***Preparación das probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio.***

<i>TÍTULO: Preparación das probas de acceso aos Ciclos Formativos de Grao Medio</i>			
<i>CURSO</i>	<i>DURACIÓN (*)</i>	<i>HORAS SERVIZO</i>	<i>TOTAL (€/CURSO)</i>
<i>Completo</i>	<i>122 h</i>	<i>4 horas cada 8 días</i>	<i>80 €</i>
<i>2 Ambitos</i>	<i>61 h</i>	<i>4 horas cada 8 días</i>	<i>60 €</i>
<i>1 Ámbito</i>	<i>40 h</i>	<i>2 horas cada 8 días</i>	<i>30 €</i>

*\* A duración en horas é estimada en función dos datos do curso 2013/14.*

***Preparación das probas aos ciclos formativos de grao superior***

<i>TÍTULO: Preparación das probas de acceso aos Ciclos Formativos de Grao Superior</i>			
<i>CURSO</i>	<i>DURACIÓN (*)</i>	<i>HORAS SERVIZO</i>	<i>TOTAL (€/CURSO)</i>
<i>Completo</i>	<i>122 h</i>	<i>4 horas cada 8 días</i>	<i>80 €</i>
<i>2 Ambitos</i>	<i>61 h</i>	<i>4 horas cada 8 días</i>	<i>60 €</i>
<i>1 Ámbito</i>	<i>40 h</i>	<i>2 horas cada 8 días</i>	<i>30 €</i>



*\* A duración en horas é estimada en función dos datos do curso 2013/14.*

### **Escola de maiores**

<i>TÍTULO: Escola de maiores</i>			
<i>CURSO</i>	<i>DURACIÓN (*)</i>	<i>HORAS SERVIZO</i>	<i>TOTAL (€/CURSO)</i>
<i>Completo</i>	<i>Ano escolar.</i>	<i>4,5 horas á semana</i>	<i>20 €</i>

### **Preparación das competencias clave.**

<i>TÍTULO: Preparación das competencias clave</i>			
<i>CURSO</i>	<i>DURACIÓN (*)</i>	<i>HORAS SERVIZO</i>	<i>TOTAL (€/CURSO)</i>
<i>Completo</i>	<i>Aprox. 35/40 h</i>	<i>2 horas diarias</i>	<i>30 €</i>
<i>2 Competencias</i>	<i>Aprox. 20/22 h</i>	<i>2 horas diarias</i>	<i>20 €</i>
<i>1 Ámbito</i>	<i>Aprox. 12/14 h</i>	<i>2 horas diarias</i>	<i>10 €</i>

*Continúa explicando a Presidenta que gasto que lle supón ao Concello a realización destas actividades é de 19.796,78 euros, e que a previsión de ingresos polos prezos públicos que se establecen na ordenanza, de manterse a xente que as realiza na actualidade sería de 6.410 euros, o que supón unha axuda económica importante.*

*Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG) para manifestar que lle parece normal que, ao retirarse unha subvención os usuarios, teñan que aportar algo porque o Concello non pode facerse cargo de todo, e ademais non parecen uns prezos desorbitados, pero que prefire revisar convenientemente a documentación e pronunciarse no Pleno.*

*Toma a palabra a Sra. Castro Pampín (do P.P) para manifestar que pola súa parte tamén queren estudar mellor o tema para o Pleno e que en principio vanse abster.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, por tres votos a favor -dos tres concelleiros do BNG, Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade- e catro abstencións -da concelleira do PS de G, Sra. Balado Conde e dos tres concelleiros do PP, Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez-, adoptouse o acordo de informar favorablemente a aprobación desta Ordenanza, reguladora do prezo público pola realización de actividades educativas na aula de educación de adultos do Concello de Arzúa.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que non se debe deixar de prestar este servizo aínda que se recorte a subvención que se viña concedendo para o seu mantemento, porque sobre todo aquí nas zonas rurais a xente tería que desprazarse fora deste concello.

- Que, aínda que haxa que pagar un pouco, non lle parece excesivo o custo que vai ter este servizo para cada interesado.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que o grupo político do Partido Popular vaise abster; porque, aínda que segundo os números que faga cada un chegaríase a unhas conclusións, o equipo de goberno ten a súa responsabilidade e ten que facer as súas contas, o cual respetamos; pero consideramos que debemos abstermos.

\* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que se viña concedendo unha subvención de entorno aos 12.000 euros para o mantemento deste servizo, e foi retirada totalmente.

- Que, non obstante, consideramos que deben seguir realizándose estas actividades educativas, porque a través delas se presta un bo servizo á xente do pobo e da comarca.

- Que houbo que adoptar a postura de ter que cobrar algo por esas actividades, porque se os interesados tiveran que desprazarse a Santiago, para poder realizalas, suporíalles un maior custo.

- Que se trata dun servizo que considera que se debe defender e os prezos propostos cre que se poden manter, tendo en conta que o gasto supón entorno a 19.000 euros e a recadación que se prevé por este prezo público será duns 6.000 euros, o cal é unha boa aportación, aínda que o concello teña que poñer cartos.

- Que estamos de acordo en que se poida apoiar este tipo de preparación e formación, para todos aqueles que non tiveron oportunidade –polas razóns que sexan– de sacar unha titulación básica ou acceder a un ciclo de formación.

\* Do Sr. alcalde, para informar que se van ofertar dúas novas opcións: a preparación para as probas de acceso ao Ciclo Medio e Superior en Formación Profesional e a preparación das Competencias Clave, que ata agora non se viña facendo.

Engade o Sr. alcalde que lle gustaría que se concretase un pouco máis a postura do grupo político do Partido Popular.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que o grupo político do Partido Popular poría un prezo público inferior ou incluso nada, é cuestión de prioridades, pero tamén sabemos que cando un está no goberno ten que tomar unhas iniciativas que poden non gustar.

-Que o que goberna ten que adoptar unhas medidas que a veces serán acertadas e a veces non; xa o sabremos.

\* Do Sr. alcalde para informar que xa non é o primer recorte que nos fai a Xunta de Galicia, porque aos servizos sociais, á OMIC, ao CIM e ao servizo técnico de emprego foille retirada unha boa parte da subvención que viñan recibindo.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos cinco concelleiros do Partido Popular- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades educativas na Aula de Educación de Adultos deste Concello, nos termos en que quedou redactada.

**Segundo**.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

**Terceiro**.- Que, para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dita ordenanza, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

**Cuarto**.- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente –o texto da referida ordenanza así como este acordo de aprobación- no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que sexa publicada en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

***Punto 5º) ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS DE BAILE.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 28 de outubro de 2014; no seguinte sentido:

*“Explica a Presidenta da comisión que se trata dunha nova actividade da concellería de cultura: bailes de salón, completamente voluntaria, para quen queira asistir. O custe estimado de prestación do servizo é de 860 euros mensuais, e o número estimado de usuarios é de 20 persoas. A contía do prezo público a satisfacer sería de 20,66 euros ao mes, ao que habería que engadir o IVE correspondente.*

*Continúa informando a Presidenta que na ordenanza establécense tamén bonificacións e descontos para o caso de inscribirse mais dun membro da unidade familiar na actividade (bonificación do 30 % para o 2º e seguintes membros da unidade familiar), sendo preciso para aplicar esta bonificación aportar un certificado de convivencia.*

*Pregunta a Sra. Balado Conde (do P.S de G) cantas horas de clase ao mes se impartirían tendo en conta ese prezo público de 20,66 euros.*

*Responde a Presidenta da Comisión que ese dato deberá de concretarse pola Concellería de Cultura xa que, revisando a ordenanza, parece que non se determinan claramente ás horas á semana ou ao mes que se pretenden impartir.*

*Intervén a Sra. Castro Pampín (do P.P) para manifestar que pola súa parte queren estudar mellor o tema para o Pleno, e que en principio vanse abster.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, por tres votos a favor -dos tres concelleiros do BNG, Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade- e catro abstencións -da concelleira do PS de G, Sra. Balado Conde e dos tres concelleiros do PP, Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez- adoptouse o acordo de informar favorablemente a aprobación desta Ordenanza, reguladora do prezo público pola realización de actividades culturais de baile.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que non lle parece un prezo esaxerado e, aínda que é un servizo cultural, non é tan básico como o das actividades educativas anteriores.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que o grupo político do Partido Popular vai manter neste asunto o mesmo argumento que no anterior punto da Orde do día.

\* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

-Que se trata dunha actividade que se oferta desde a concellería de cultura, e que está suxeita a unha cota de 25 euros con IVE, e o seu custo supón 860 euros mensuais, aínda que fai falta que asista un número estimado de vinte persoas para que poida realizarse esta actividade.

- Que coincide en que non se trata dunha actividade tan importante como a tratada no punto anterior, pero contribúe á formación física e psíquica das persoas.

\* Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que se se oferta este servizo é porque se ten constancia de que hai interese nel, sobre todo por parte dos máis pequenos, polo baile moderno e polas persoas maiores, polos bailes de salón.

- Que o prezo é o que se está cobrando noutros concellos, porque a mesma empresa que pode prestar este servizo esta levando a cabo noutros concellos.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar que non discute o beneficio do baile, nin moito menos, pero cando un goberna asume responsabilidades, e se se pon un

prezo público por ese servizo, nós ao mellor tomaríamos outro tipo de medidas; e é respetable tanto unha postura como a outra.

\* Do Sr. alcalde para indicar que el non está criticando nada, pero si quere dicir que hai moitos concellos do Partido Popular que nos teñen no punto de mira e nos copian, porque Arzúa ten moita oferta cultural e todas gratuitamente.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos cinco concelleiros do Partido Popular- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora do prezo público pola realización de actividades culturais de baile, nos termos en que quedou redactada.

**Segundo.**- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

**Terceiro.**- Que, para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dita ordenanza, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

**Cuarto.**- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente –o texto da referida ordenanza así como este acordo de aprobación- no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que sexa publicada en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

***Punto 6º) RESOLUCIÓN DAS SUXERENCIAS PRESENTADAS POLO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR, EN RELACIÓN COA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DE EDIFICIOS, LOCAIS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 28 de outubro de 2014; no seguinte sentido:

*“Intervén a Presidenta da Comisión manifestando que se trata de resolver sobre a estimación ou non das suxerencias presentadas fai tempo polo voceiro do Partido Popular, Sr. Orois Valiño, e relación coa Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de edificios, locais e instalacións municipais. Continúa explicando a*

*Presidenta cada unha das reclamacións e suxerencias presentadas e os cambios introducidos no texto da ordenanza:*

*1. Respecto da primeira reclamación, solicitábase que se recollese no texto da ordenanza que si unha asociación de veciños ou calquera outra sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, solicitase o uso dun local para celebrar unha comida ou un magosto ao que poda acudir calquera persoa, non se entendese nese caso que existía ánimo de lucro, e que polo tanto houbera que pagar taxa. É dicir, que quede claro no texto que si unha asociación non ten ánimo de lucro, polo feito de cobrar unha entrada para sufragar os gastos dun evento concreto, non significa que por ese feito se vai converter nunha asociación con ánimo de lucro.*

*En resposta a esta reclamación engádese no apartado 2.1. da ordenanza o seguinte parágrafo: “Non obstante, non se entenderá que existe lucro ou utilidade económica na utilización de locais e instalacións cando se solicite a utilización para a celebración de comidas con ocasión do magosto, entroido, etc; sempre que, aínda comportando o pago dunha entrada, a recadación desta se destine exclusivamente a sufragar os gastos propios que se deriven de dita celebración.”*

*2. Respecto da primeira suxerencia, solicitábase que as taxas se axustasen aos diversos usos que se fagan das instalacións, xa que nalgúns casos os custos orixinados para o Concello poderían ser superiores aos da propia taxa (por exemplo, a taxa de 50 euros por día, para a utilización do espacio central do recinto feiral no Multiusos, debería de ser mais elevada tendo en conta os gastos de electricidade e outros).*

*En resposta a esta suxerencia modifícase, no apartado 4.2. da ordenanza, a taxa pola utilización do espacio central do recinto feiral no edificio Multiusos Terras do Queixo, que pasa de 50 €/día a 150 €/día.*

*Respecto da segunda suxerencia, solicitábase que se eximise do pago de taxas a calquera asociación sen ánimo de lucro que aínda sen ser de ámbito municipal buscase o interese xeral.*

*En resposta a esta suxerencia engádese, no apartado 2.1. da ordenanza, o seguinte parágrafo, que queda como último: “Tampouco se suxeitarán a esta taxa as utilizacións de locais e instalacións solicitadas por entidades de ámbito supramunicipal (Cáritas, Médicos sen Fronteiras, Cruz Vermella, ONGs, Asociacións contra o cancro, etc), cando desenvolvan nos locais as actividades benéficas e de interese xeral que lle son propias”.*

*Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do P.S de G) manifestando que quere estudar mellor as alegacións para o Pleno, e que en principio vaise abster.*

*Intervén a Sra. Castro Pampín (do P.P), manifestando que pola súa parte están conformes cos cambios introducidos porque se axustan ao solicitado e polo tanto van votar a favor da súa aprobación.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, por seis votos a favor -dos tres concelleiros do BNG, Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade e dos tres concelleiros do PP, Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez-, e unha abstención -da concelleira do PS de G, Sra. Balado Conde-, adoptouse o acordo de informar favorablemente a resolución das suxerencias presentadas polo voceiro do grupo político do Partido Popular, en relación coa ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de edificios, locais e instalacións municipais”.*

---

Coñecido polos asistentes que o Sr. Orois Valiño, actuando como voceiro do grupo político do Partido Popular, presentara un escrito no Rexistro Xeral do Concello o día 30 de maio de 2013, dentro do prazo de información pública a que foi sometido o expediente que se estaba tramitando para a aprobación desta ordenanza; a través de cuxo escrito conteñense a reclamación e suxerencias seguintes:

*“1.- No concernente á Reclamación.- Pódese verificar a existencia de pequenas discordancias entre o debatido e aprobado no Pleno en relación a ordenanza en cuestión, no que os seis concelleiros do Partido Popular abstivémonos (por non dispoñer con anterioridade suficiente das ordenanzas aprobadas para o seu estudo). Ao respecto a concelleira do BNG, D<sup>a</sup>. Aurora Varela Duro, expón ante o Pleno “que existe o rumor de que se vai cobrar as asociacións sen ánimo de lucro por utilizar un local social dunha parroquia; e iso no e certo”.*

*“Que vaise a cobrar unha taxa a aquelas persoas ou entidades que pretenden aceder un lucro, pero non a unha asociación de veciños”.*

*Como se poderá apreciar entre o aprobado e a ordenanza fiscal en cuestión hai unha contradicción evidente, da que estamos seguros da inexistencia de mala fe, pero que pode dar lugar a interpretacións erróneas.*

*Partindo do feito impoñible do artigo 2: “...Entenderase que existe unha finalidade lucrativa ou utilidade económica na utilización do edificios, locais e instalacións:*

*-Cando as actividades realizadas impliquen o acceso de terceiras persoas a o local ou instalación cedido mediante contraprestación de natureza pecuniaria.*

*¿Que pasaría por exemplo se unha asociación de veciños ou calquera outra sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións vende entradas para sufragar unha comida ou un magosto a que pode acudir calquera, aínda que non sexa da asociación?*

*Entón aplicaríase o artigo 4, nos apartados 1, 2 e 3. Este último fai constar expresamente “Sobre a contía total que resulte da aplicación do disposto no parágrafo anterior, aplicarase unha redución do 50% as asociacións sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións”. Igualmente pódese falar do coeficiente do 0,20 previsto no art. 4.2.*

*O que hai que ter presente e que se unha asociación non ten ánimo de lucro por cobrar unha entrada non vai converterse nunha asociación con ánimo de lucro, senón que será para sufragar os gastos do evento, sen merma do interese xeral dos asociados e do ben común. Por iso deben de estar sempre exentos do pago de taxa, porque cremos que reflicte o aprobado no Pleno, polo que a ordenanza, pensamos, debe coincidir coas manifestacións do Pleno, pero a redacción da mesma parécenos dar lugar a equívocos que se deben subsanar.*

**2. En relación as suxerencias:**

● *En primeiro lugar consideramos que hai taxas por utilizacións privadas con ánimo de lucro dalgunha instalación, que pode dar lugar a situacións que nin sequera cubran os gastos. En este aspecto cremos que a taxa de 50 euros por día, pola utilización do espacio central do recinto feiral no edificio multiusos Terra do Queixo, debería ser unha cantidade bastante máis elevada. Imaxinemos que un domingo unha treintena de comerciantes instalen un outlet ¿pagarían dous euros cada un?*

*Suxerimos que as taxas deben de axustarse aos diversos usos que se faga da instalación, xa que os custos para o concello (por exemplo gastos de electricidade e outros) poden ser superiores ao ingresado pola propia taxa.*

● *En segundo lugar queremos suxerir que se modifique a ordenanza, e se exima do pago de taxas a calquera asociación sen ánimo de lucro que, aínda que non sexa de ámbito municipal, busque o interese xeral (Cáritas, Médicos sin Fronteras, Manos Unidas, Bando de Alimentos, Cruz Vermella, Asociación contra o Cancro., etc...). Consideramos que medidas así dan maior prestixio ao Concello, ao equipo de goberno encabezado polo alcalde e o resto de concelleiros de todas as formacións políticas”.*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer que estivo vendo as suxerencias presentadas en relación con dita ordenanza, e está de acordo con elas.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que nós axudamos a gobernar, aínda que eso non quere dicir que estemos de acordo con todo, pero cando vemos algo que se pode mellorar tratamos de melloralo.

- Que cando a Sra. Balado Conde dá a razón ten que ser unha cousa moi ben feita por parte do Partido Popular, pero tamén quere dicir que apoiariamos calquera outra cousa que viñese do Partido Socialista e que fose razoable.

\* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para indicar que o grupo político do Partido Popular tamén podería apoiar outras cousas con mais ahinco.



\* Do Sr. alcalde para manifestar que a liña que está seguindo o grupo político do Partido Popular nas últimas sesións plenarias ollelle un pouco a campaña electoral, e considera que sería mellor que axudara un pouco máis a gobernar, porque absterse non é axudar.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que podería facer unha relación de todas as axudas que levan realizadas, e algunha moi importante en contra dos criterios de anteriores compañeiros vosos.

- Que hai cousas que nós fariamos dunha forma ou outra, pero vimos apoiando no fundamental, e a veces nalgúns puntos moi delicados.

- Que non cre que haxa queixa no esencial e se se fai algún tipo de política non se lle pode acusar de nada, porque el finiquita a súa actuación política nesta lexislación.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a reclamación e as dúas suxerencias presentadas polo voceiro do grupo político do Partido Popular en relación con esta ordenanza.

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes, sendo trece os que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Estimar tanto a reclamación como as dúas suxerencias presentadas e, en consecuencia, modificar o texto aprobado inicialmente (na sesión plenaria do 23 de abril de 2013) da ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización de edificios, locais e instalacións municipais, para quedar redactados os artigos obxecto da modificación no seguinte sentido, en canto concerne a esa reclamación e suxerencias:

● No artigo 2 (Feito imponible), engádeselle o seguinte parágrafo: “*Non obstante, non se entenderá que existe lucro ou utilidade económica na utilización de locais e instalacións cando se solicite a utilización para a celebración de comidas con ocasión do magosto, entroido, etc...; sempre que, aínda que comportando o pago dunha entrada, a recadación desta se destine exclusivamente a sufragar os gastos propios que se deriven de dita celebración.*”

*Tampouco se suxeitarán a esta taxa as utilizacións de locais e instalacións solicitadas por entidades de ámbito supramunicipal (Cáritas, Médicos sen Fronteiras, Cruz Vermella, ONGs, Asociacións contra o cancro, etc...), cando desenvolvan nos locais as actividades benéficas e de interese xeral que lle son propias”.*

● No artigo 4 (Base imponible e cota tributaria), *incrementase a contía da taxa pola utilización do espazo central do recinto feiral no edificio multiusos Terras do Queixo, que pasa a ser de 150 euros por día.*

**Segundo.**- Aprobar definitivamente a citada ordenanza, resultante da introducción no texto inicial da resolución da reclamación e suxerencias presentadas.

**Terceiro.**- Publicar no Boletín Oficial da Provincia: tanto o texto íntegro da referida ordenanza resultante das modificacións introducidas, como a parte dispositiva deste acordo, a efectos de que poida entrar en vigor o mesmo día da súa publicación, sendo de aplicación a partir do día seguinte.

**Punto 7º) RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PARA REALIZAR ACTIVIDADES PRIVADAS, PRESENTADA POLO DIRECTOR DO CONSERVATORIO.**

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 28 de outubro de 2014; no seguinte sentido.

*“Dáse conta da solicitude presentada no Rexistro Xeral do Concello, o día 22 de setembro de 2014, polo director do Conservatorio de música don Jesús Alberto García Medraño; a través de cuxo escrito solicita o recoñecemento de compatibilidade para realizar unha actividade privada, como profesor de música en Educación Secundaria Obrigatoria, no Colexio Nosa Señora do Rosario, sito na rúa Carmen nº 22 de Arzúa, durante 4 horas semanais, en horario de mañá; tendo en conta que o posto de traballo principal é o que vén desenvolvendo como director do Conservatorio de música, cunha duración de 25 horas semanais, en horario de tarde.*

*A requirimento da presidenta desta comisión informativa, Sra. Varela Duro (do BNG), o secretario informou que a Lei 53/1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, que resulta aplicable ao persoal ao servizo das Corporacións Locais segundo o artigo 2 nº 1 c), dispón:*

● *No seu artigo 11 nº 1.- Que, de acordo co disposto no seu artigo 1 nº 3, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por sí ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou allea, que se relacionen directamente coas que desenvolve a entidade onde estivese destinado.*

*Este artigo complétase co artigo 12, no cal se relacionan as actividades privadas para as que non procede recoñecer compatibilidade, ás que cabe engadir a prohibición xeral establecida no artigo 16 para o exercicio de actividades, públicas ou privadas, do persoal que perciba complemento específico.*

● *No seu artigo 14.- Que corresponde ao Pleno do Concello o pronunciamento, mediante acordo motivado, sobre a autorización ou denegación da compatibilidade para o exercicio de actividades privadas.*

*Engade o secretario que, tendo en conta o exposto, ao seu xuízo, cabe entender que en principio podería acordarse o recoñecemento da compatibilidade solicitada polo director do Conservatorio de música; por canto que –ademais- a actividade que pretende desenvolver non se atopa entre as prohibidas polo artigo 12 da Lei, e por canto que o posto de traballo que vén desempeñando non ten asignado un complemento específico ou semellante que o faría incompatible.*

*Antes de ser sometido este asunto a votación, decidiuse –por unanimidade dos sete membros asistentes- non pronunciarse agora sobre a solicitude de compatibilidade formulada, e facelo na sesión do Pleno na que se trate este asunto.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que, se se está dentro da legalidade, non hai nada que engadir.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que, tendo en conta o informe realizado polo secretario, e considerando que a actividade privada para a que se solicita a compatibilidade non está prohibida, habería que estimar a solicitude presentada.

\* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar que, antes de levar este asunto ao Pleno, tivemos que considerar o que existe a lei e como, desde o punto de vista legal, o director do Conservatorio pode levar a cabo a actividade privada; considera que non hai ningunha irregularidade niso.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Municipal- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Estimar a solicitude presentada polo Sr. García Medraño, para realizar a actividade privada de profesor de música en Educación Secundaria Obrigatoria, no Colexio Nuestra Señora del Rosario de Arzúa, durante 4 horas á semana, en horario de mañá, por considerar que sería compatible coa actividade principal de director do Conservatorio de música de Arzúa, que realiza en horario de tarde, durante 25 horas á semana.

**Segundo.-** Notificar este acordo ao Sr. García Medraño, e dar traslado dunha certificación do mesmo acordo á directora do Colegio Nuestra Señora del Rosario de Arzúa, para debido coñecemento da situación formulada.

***Punto 8º) SOLICITAR Á SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO XACOBEO A CESIÓN DA ANTIGA CASA DE CORREOS E DA SÚA FINCA ANEXA.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 28 de outubro de 2014; no seguinte sentido:

*“Pola presidenta desta comisión informativa, Sra, Varela Duro (do BNG), expouse:*

*-Que a antiga casa de Correos é un ben importante para o concello; esta casa foi comprada no seu momento por 170.000 euros pola Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo, e o entusiasmo que puxo esta sociedade ao principio desbaneceuse porque non hai diñeiro.*

*-Que sería interesante que o Concello a poidera recuperar, e no momento que sexa viable poder facer algo nela que sexa bo para o pobo; neste momento é un investimento moi grande, pero trátase dun patrimonio importante que está moi ben situado.*

*-Que o importante sería recuperala para restaurala un pouco, así impedirase que caia e se deteriorarse mais.*

*Deseguido interveñen:*

*\* A Sra Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar:*

*- Que a casa está nunha zona privilexiada, xa que se atopa no centro do pobo, é unha pena a situación na que se encontra, xa que co paso do tempo se vai deteriorar mais e vai costar mais reformala.*

*- Que o Partido Solicialista de Galicia presentou unha enmenda, para que destinase unha partida do orzamento da Xunta de Galicia para facer nela un Centro de día, como o hai en Boimorto ou en Melide, porque aquí non temos centro de día e ese sería o sitio ideal.*

*\* A Sra. Castro Vallo (do BNG) para indicar, que ela coñece moi ben esa casa, e parecelle digna de conservar.*

*\* O Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:*

*- Que esa casa e a pedra angular do casco histórico de Arzúa, porque é a mellor casa que hai por esa zona, e a parte de atrás da mesma comunica coa Capela da Madanela e co albergue.*

*- Que nós imos levar este tema no programa electoral das vindeiras eleccións municipais; e incluso sería interesante chegar a un acordo cos propietarios das fincas que se atopan detrás da casa.*

*- Que considera que tería que facerse a entrada por onde está a Capela da Madanela, e que se pode facer unha zona de esparcemento impresionante por detrás da casa.*

*- Que para conservala non fai falta moitos cartos, pero o primeiro que hai que facer e poñerlle o tellado e as ventás.*

*- Que nunha reunión que tivemos co vicepresidente Sr. Rueda ofreceunos a cesión de uso da mesma, e extrañábase de que aínda non se pedira; polo que tedes todo o noso apoio nese sentido.*

*\* A Sra. Varela Duro (do BNG) para manifestar que, en temas como este, é importante unir todas as forzas e loitar para que esto se conserve.*

*Tras todo o exposto, a presidenta desta Comisión informativa someteu a votación ordinaria este asunto.*

*Adoptándose –por unanimidade dos sete membros asistentes- o ditame de propoñer ao Pleno que se solicite á Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo a cesión de uso, a favor do Concello, da antiga casa de Correos, e iso polo tempo máximo posible.”*

---

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que, desde que se fixo cargo a Xunta de Galicia deste inmoble, cada vez está máis arruinado porque ninguén se preocupou por el; e é unha lástima que este inmoble, situado no casco antigo de Arzúa, estea tan deteriorado e practicamente nunha situación de ruina.

- Que este asunto xa o leváramos no programa electoral do Partido Socialista nas pasadas eleccións locais. Tamén tivemos unha reunión co goberno bipartido da Xunta de Galicia, e déronnos a palabra de que se ía incluír unha partida no orzamento da Xunta de Galicia para poder construír un centro do día.

- Que desde o Partido Socialista presentáronse o luns pasado unhas alegacións aos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2015, e solicitouse unha partida de 300.000 euros, que realmente non é moito para realizar a súa restauración.

- Que considera que o máis viable, para facer nesa casa, é un centro de día porque a xente tamén o reclama. Somos o único concello desta zona que non ten un centro de día, porque haino en Curtis, en Boimorto ou en Melide.

- Que ao concello suporíalle moito diñeiro empezar a construír agora un centro de día, pero todos deberíamos solicitar á Xunta de Galicia que se constrúa, porque é un servizo moi básico para o noso concello.

- Que espera que se tome en consideración adicar ese inmoble a centro de día, para o cal levamos moito tempo loitando dende o Partido Socialista.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que o grupo político do Partido Popular apoia totalmente a solicitude de cesión desa casa, pero tamén consideramos que hai outros edificios para ser adicados a centro de día.

- Que nun edificio tan emblemático en Arzúa, que pode ter tanta versatilidade de uso, non se pode facer un centro de día; porque un centro de día pode facerse en calquera sitio; mentres que ese edificio tería que ser a pedra angular de Arzúa.

- Que ese edificio ten que disfrutalo toda a xente de aquí e tamén a de fóra de Arzúa.

- Que para este edificio temos nosas ideas, que aínda se están madurando, pero a idea é facer unha cousa distinta ao que fai todo o mundo; queremos que este edificio sexa cedido ao concello para facer algo diferente, algo que vai chamar a atención en Arzúa e que vai dar moita vida á zona. Se o Partido Popular gaña as eleccións este traballo, que estamos incubando, poñeremolo a disposición do Partido Popular, pero se gaña outro partido poñeremos tamén as nosas ideas, porque o que nos interesa é o ben de Arzúa.

- Que hai que ser máis orixinais, e pensa que a maioría da xente do Bloque Nacionalista Galego via a compartir o que el di; non se pode permitir que un inmoble, emblemático en Arzúa, se adique a unhas funcións para as que non é adecuado; porque o centro de día pódese facer noutro sitio.

\* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que non imos tratar de convencer a ninguén da importancia que ten o edificio; pero a función que vaia a ter o edificio tera que deixarse para máis adiante, agora o que temos que facer é apoiar a súa cesión ao Concello.

- Que evidentemente unha residencia de día é moi importante, pero ao mellor hai que mirar outras posibilidades, sen descartar esa opción.

- Que neste momento o importante é a cesión, porque xa hai polo menos seis anos que este edificio foi comprado polo Xacobeo, por 170.000 euros, e quedou ahí. E se conseguimos a cesión o máis importante será salvalo para que non caia.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que claro que se pode dedicar ese edificio para facer outras funcións, pero a nosa idea é que sexa un centro de día e seguiremos insistindo.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que –respecto ao centro de día- a Sra. Balado Conde equivocada; e a Sra. Varela Duro, cando di que non descarta nada, seguro que ten idea de algo, pero non do centro de día.

- Que para o centro de día hai outras zonas máis adecuadas e con máis comodidades.

\* Do Sr. alcalde, para manifestar:

- Que non é cuestión de debate agora o que se vaia a facer ou non na casa, pero ao mellor pónennos algún tipo de condición para a cesión.

- Que o xerente do Xacobeo dixo que, en caso de cesión, o xardín da casa quedase de libre acceso ao público.

- Que a idea é conseguir a cesión da casa e pouco a pouco reformala e estudar as funcións ás que é posible adicala.

- Que os nosos esforzos agora debense centrar en que se ceda; e cre que hai boa predisposición.

Coñecidos os datos catastrais referidos ao imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, en relación coa edificación coñecida como antiga Casa de Correos e coa finca anexa á mesma; dos que se deduce que a superficie do solo son 683 metros cadrados e a superficie construída son 383 metros cadrados, constando como suxeto pasivo de dito imposto a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, polo que cabe deducir que sería tamén o seu propietario.

O Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria a solicitude de cesión ao Concello de Arzúa da coñecida como Casa de Correos e da súa finca anexa.

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Municipal- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Solicitar á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo a cesión gratuita de uso a favor deste Concello: tanto da nomeada Casa de Correos, que se atopa ubicada no número 3 da rúa das Dores de Arzúa, como da súa finca anexa.

**Segundo**.- Solicitar que esa cesión de uso o sexa polo tempo máximo posible, para ser destinada a actividades que redunden en interese dos veciños, previa a

realización das obras necesarias por parte deste Concello, para a súa reparación e acondicionamento, que se irían executando a medida que as disponibilidades orzamentarias o permitan; para o cal se solicita tamén a autorización do organismo que resulta ser o seu propietario.

***Punto 9º) MOCIÓN CONXUNTA DOS TRES GRUPOS POLÍTICOS REPRESENTADOS NESTA CORPORACIÓN MUNICIPAL, PARA SOLICITAR INFORMACIÓN E EXISIR RESPONSABILIDADES POLO CESE DA ACTIVIDADE NA COOPERATIVA LA ARZUANA.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 28 de outubro de 2014; no seguinte sentido:

*“Sendo coñecido o contido desta moción polos sete membros integrantes desta Comisión informativa, xa que figura asinada polos voceiros de cada un dos tres grupos políticos representados nesta Corporación Local.*

*Adoptouse –por unanimidade dos sete membros asistentes- o acordo de informar favorablemente as seguintes tres propostas de acordo que contén dita moción:*

*1. Solicitar da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia que adopte as medidas oportunas, de cara a financiar os impagos que están sufrindo os gandeiros afectados polo cese da actividade da Cooperativa La Arzuana.*

*2. Solicitar á Consellería de Medio Rural que lle facilite aos socios de dita cooperativa, e ao Concello a Arzúa, toda a información da que dispoña sobre as axudas e subvencións concedidas á cooperativa e toda outra información que poida resultar relevante, de cara a esclarecer porqué se chegou a esta situación de quebra.*

*3. Solicitar á Consellería de Medio Rural que demande do Consello Rector da Cooperativa La Arzuana, da Cooperativa Perpetuo Socorro e do seu presidente o estado das contas e das instalacións da entidade, e lles esixa a asunción das responsabilidades que lles corresponda.”*

---

Seguidamente, por indicación do alcalde, o secretario dou lectura desta moción; sendo o seu contido o seguinte:

*“De sempre, a agricultura e a gandería constituiron dous piares fundamentais da economía do noso concello e comarca, hoxe segue sendo así. Son moitas as familias que ne Arzúa viven directamente da actividade agraria e gandeira, xa sexa mediante a produción leiteira ou a través da comercialización dos produtos agrícolas que eles mesmos producen.*

*Indirectamente, moitos outros veciños e veciñas do municipio ven fluctuar a súa economía en función do estado no que se atopa este sector primario en cada momento, moi castigado nos últimos tempos pola carestía de axudas e pola escasa atención e apoio amosado dende os respectivos gobernos estatal e autonómico; o exemplo máis claro son as constantes baixadas no prezo do leite que en moitas ocasións non lles dá para cubrir os custos de produción.*

*Por se isto fora pouco, estes días coñecemos a través dos medios de comunicación a situación pola que atravesamos a Cooperativa La Arzúana, que -segundo reza nos xornais- cesou a súa actividade en días pasados deixando de recoller o leite nas explotacións e colocando aos seus socios e produtores, aos que xa se lles adeuda o pago de tres meses, nun estado absoluto de abandono e desamparo.*

*Os grupos políticos, que formamos parte da Corporación Municipal de Arzúa, carecemos de información precisa sobre o sucedido e soamente fomos informados a gooso modo da situación por parte dalgún socio a título individual, nun asunto que consideramos sumamente grave e polo que é necesario esixir responsabilidades.*

*Os sindicatos agrarios da comarca, o Sindicato Labrego Galego e Unións Agrarias, manifestaron estes días a súa intención de esixir da Consellería de Medio Rural a financiación dos impagos e das perdas que agora mesmo están recaendo nos gandeiros da cooperativa, e que mesmo se poderían sufragar mediante un fondo da Consellería de Economía e Industria.*

*Que, aínda non se pronunciou ao respecto da situación creada, foi o Consello Rector da Cooperativa e o seu presidente quen, ante a gravidade dos feitos, deberían asumir a responsabilidade que lles corresponda e ofrecer todas as explicacións respecto ao porqué desta situación.*

*Ante estes feitos, os grupos políticos da Corporación Municipal do Concello de Arzúa, propoñemos ao Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:*

*1. Solicitar da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia que adopte as medidas oportunas, de cara a financiar os impagos que están sufrindo os gandeiros afectados polo cese da actividade da Cooperativa La Arzuana.*

*2. Solicitar á Consellería de Medio Rural que lle facilite aos socios de dita cooperativa, e ao Concello de Arzúa, toda a información da que dispoña sobre as axudas e subvencións concedidas á cooperativa e toda outra información que poida resultar relevante, de cara a esclarecer porqué se chegou a esta situación de quebra.*

*3. Solicitar á Consellería de Medio Rural que demande do Consello Rector da Cooperativa La Arzuana, da Cooperativa Perpetuo Socorro e do seu presidente o estado das contas e das instalacións da entidade, e lles esixa a asunción das responsabilidades que lles corresponda.”*

---



Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que o que esta pasando coa Cooperativa é unha lástima, non tiñamos nin que estar falando disto, porque tiña que estar funcionando como as outras cooperativas. Foi unha referencia para toda a comarca, porque leva existindo desde hai máis de 40 anos.

- Que esta moción non vai servir de moito, porque xa se pediron explicacións no Parlamento, e ninguén se quere facer cargo disto. Hai moito diñeiro público que non se sabe en que foi investido; habería que demostrar onde se investiu.

- Que lle gustaría que se buscaran responsables de cómo se chegou a esta situación tan drástica para os socios, empregados e para toda a comarca.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que desde o grupo político do Partido Popular compartimos en gran medida o que dixo a Sra. Balado Conde, pero hai unha cuestión fundamental: a cooperativa é unha entidade privada que recibiu posiblemente fondos públicos e, en canto á actividade privada, teñen que ser os socios quen esixan responsabilidades; que supón que o farán xa que son perxudicados.

- Que, respecto á Administración, considera que -se houbo subvencións- a Administración debe esixir onde foi ese diñeiro céntimo a céntimo.

- Que non culpabilizaremos a ninguén, porque primeiro non somos socios; e a estes teríamos que decirlles que se poñan as pilas, que o mundo de agora non é o do século pasado, hoxe en día hai que facer as cousas de forma moi profesional, ter equipos económicos e xente e leve a contabilidade ao dedillo.

- Que este caso, para min, foi a peor noticia nesta lexislatura, porque hai que ter en conta que queixerías hai moitas, e existe moito produto de igual calidade, pero La Arzuana producía un queixo “O Capricho” que era moi diferente a todos, e na diferenza é donde está o éxito; e pregunta ¿Por que non triunfou a cooperativa La Arzuana?, esas son cuestións que se terían que formular.

- Que, referente aos socios, non se pode un deixar arrastrar polos demais, teñen que vixiar o que se está facendo co seu diñeiro e o seu patrimonio.

\* Do concelleiro con delegacións en materia de medio ambiente, Sr. Fernández Segade (do BNG), para informar:

- Que el foi socio da cooperativa uns dez ou doce anos, e se dixou de selo foi polo Consello Rector que había; para el o responsable é o Consello Rector, porque nunca dou cabida aos socios para participar en nada.

- Que os socios teñen a súa parte de responsabilidade, por non pedir explicacións no seu momento, pero nunca se lles dou opción a participar.

- Que, aínda que esta moción imola apoiar todos, pouco caso se nos vai facer.

- Que quere lembrar que, no seu momento, apostouse por esta cooperativa en detrimento doutras vinte, e o goberno da Xunta de Galicia ten moita responsabilidade neste caso; agora fálase de que, dos 9.000.000 de euros, non van a ter que devolver nada, polo feito de ter un seguro de responsabilidade civil, o que lle parece que é rirse da sociedade.

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que espera que se solucione este tema e que depuren responsabilidades, porque na Xunta de Galicia están pasando de todo; porque non é normal que se invistan tantos millóns de euros e non se pidan responsabilidades, ao mellor é porque era o Presidente do Partido Popular en Touro.

- Que pide que se lle pague aos socios o que se lles debe e aos empregados.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que se hai responsabilidade da Xunta de Galicia ten que pagar o que sexa responsable.

- Que se houbo unha desviación, ou un mal uso das subvencións, hai que pedir responsabilidades a quen corresponda. A honradez tamén a van demostrar o Presidente ou a Conselleira esixindo esa responsabilidade.

\* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que non sabe se esta moción servirá para algo, pero era a nosa obriga presentala e enviala; trátase dunha moción que no concello de Boimorto tamén se presentou. Se as dúas Corporacións Locais aproban a moción algo terán que dicir.

- Que se para cada asociación piden todos os papeis, para poder xustificar ata o último céntimo dunha subvención de 300 ou 600 euros, con maior motivo se se trata de 9.000.000 de euros.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as tres propostas de acordo que contén esta moción;

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Solicitar da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia que adopte as medidas oportunas, de cara a financiar os impagos que están sufrindo os gandeiros afectados polo cese da actividade da Cooperativa La Arzuana.

**Segundo.**- Solicitar á Consellería de Medio Rural que lle facilite aos socios de dita cooperativa, e ao Concello a Arzúa, toda a información da que dispoña sobre as axudas e subvencións concedidas á cooperativa e toda outra información que poida resultar relevante, de cara a esclarecer porqué se chegou a esta situación de quebra.

**Terceiro.**- Solicitar á Consellería de Medio Rural que demande do Consello Rector da Cooperativa La Arzuana, da Cooperativa Perpetuo Socorro e do seu presidente o estado das contas e das instalacións da entidade, e lles esixa a asunción das responsabilidades que lles corresponda.

## B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL:

***Punto 1º TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE, DURANTE OS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2014.***

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 8 de xaneiro de 2014, -en que foi ditada a resolución máis inmediata á última de 31 de decembro de 2013 (*da cal se dou conta na anterior sesión plenaria*)- ata a ditada o día 28 de febreiro de 2014.

Estando referidas: a primeira resolución (*reflectida no folio 7.567 volto e 7.568*) a autorización para que sexa emitida na Emisora municipal de Radio, durante un prazo de tres meses, a cuña publicitaria solicitada por don Eladio Cardeiro –en representación de Canteiros de Melide- dos veces ao día e en diferentes horarios de emisión; así como á aprobación da liquidación a que ascende a contía do prezo público, por razón da emisión de dita cuña publicitaria; mentres que a última resolución (*reflectida no folio 7633 volto e 7.634*) refírese á aprobación de facturas, cuxo importe individualizado e inferior a 3.000 euros, por ser esta a cantidade que se reservara o alcalde para dispoñer de gastos, posto que a aprobación dos gastos que excedan de dito importe –dentro dos límites da súa competencia- foi delegada na Xunta de Goberno Local mediante o decreto ditado o día 11 de xullo de 2011.

Tendo en conta:

-Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e

-Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

***Punto 2º) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN (REFERIDO AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2014) ESIXIDO POLOS ARTIGOS 4 E 5 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.***

Polo secretario indícase que eses informes refírese ao **terceiro trimestre** do presente exercicio económico, cuxo informe foi emitido pola interventora e polo tesoureiro, en cumprimento ao disposto no artigo 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais; por canto que:

**1) No artigo 4 nº 3 de dita Lei 15/2010 se indica que “os tesoueiros ou, no seu defecto, os interventores das Corporacións Locais elaborarían trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos en dita lei para o pagamento das**

*obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.*

2) No artigo 5 apartado 4º da mesma lei indícase que “*a intervención incorporará ao informe trimestral ao Pleno, regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos, con respecto aos cales: transcurriran mais de tres meses desde a súa anotación no citado rexistro (Rexistro de facturas) e non se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.*

Polo que, en consecuencia con ditas previsións legais, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento por parte desta entidade local dos prazos sinalados para o pagamento das obrigas (que se concretan no artigo 1 nº 3 e o artigo 3 nº 3 da repetida Lei 15/2010), a interventora e o tesoureiro emitiron un informe con data 22 de outubro de 2014, a través do cal indican que da execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal, sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de xullo de 2014 e 30 de setembro de 2014, salvo erro ou omisión involuntaria, obtense a seguinte información.

**a) Facturas ou documentos xustificativos pagos no terceiro trimestre de 2014:**

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	286	117
Importe total	408.516,84 euros	210.860,01 euros

**b) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (artigo 4 nº 3 Lei 15/2010):**

	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Número de pagos	140	2
Importe total	167.443,41 euros	111 euros

**c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas desta entidade local, e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5 nº 4 Lei 15/2010).**

- Número de operacións: 0
- Importe total: 0 euros

Tras todo o exposto, adoptáronse –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Quedar enterados da información facilitada polo tesoureiro e pola interventora.

**Segundo.**- Dar traslado do contido do informe emitido, e dos seus anexos, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

---

Antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, procedía someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba coa convocatoria desta sesión, e que non tivera cabida na rolda de rogos e preguntas (*que sería o punto seguinte, dentro do apartado B) nomeado Control e seguimento da xestión municipal, do Orde de día desta sesión*).

Porén non se fixo uso deste trámite (que pode darse nas sesións plenarias ordinarias), por canto que ningún dos tres grupos políticos representados nesta Corporación Municipal tiña previsto facer uso deste trámite para presentar algunha moción.

***Punto 3º) ROGOS E PREGUNTAS.-***

Tras preguntar o Sr. alcalde se se ía a formular algún rogo ou pregunta; sen que se formulase ningún. Non se fixo uso deste punto da Orde do día.

E non habendo máis asuntos de que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 21.55 horas do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.

